



# Instruccións para cubri-lo modelo

- 1 Sinálese cun X o carácter a que corresponde a declaración. Será modificación só no caso de estar previamente rexistrado o foco emisor de que se trate.
- 2 No caso de alta non se cubrirá este dato, que será obrigatorio no caso de modificación.
- 3 Nos supostos en que os combustibles consumidos no ano sexan varios, consígnaranse, se é o caso, os catro máis importantes cuantitativamente de cada unha das categorías que figuran no modelo (fluídos e non fluídos).  
  
Consígnaranse as cantidades correspondentes o ano inmediato anterior, agás no caso de que se trate dunha declaración de alta polo establecemento e posta en marcha dun novo foco emisor, no que se consígnarán as cantidades anuais previstas.
- 4 Consígnarase a cantidade total dos combustibles non fluídos consumidos no ano, incluídos aqueles que non figuraran relacionados no modelo, cando sexan máis de catro.
- 5 Consígnarase a cantidade total dos combustibles fluídos consumidos no ano, incluídos aqueles que non figuraran relacionados no modelo, cando sexan máis de catro.
- 6 Consígnarase a suma do total dos combustibles non fluídos e fluídos a que se refiren os dous apartados anteriores..
- 7 Consígnarase, en cada caso, a relación existente entre a cantidade a que se refiren respectivamente os apartados (4) e (5) sobre a cantidade a que se refire o apartado (6). O resultado computarase en tanto por cento, redondeando ó número enteiro inmediato superior.
- 8 Nos supostos en que as materias primas consumidas no ano sexan varias, consígnaranse, se é o caso, as catro máis importantes cuantitativamente.
- 9 Nos supostos en que os produtos obtidos no ano sexan varios, consígnaranse, se é o caso, os catro máis importantes cuantitativamente.